

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 4 DE XUÑO DE 2009.-

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

D^a Rocío Rey Sampayo.
D^a M^a del Carmen Silvar Canosa.
D^a Amalia García Balado.
D. Manuel Ángel Rodríguez Carballeira.
D. José Antonio López Rodríguez (auséntase da sesión no momento que se expresa na presente acta).
D. Juan Manuel Lourido González, D^a Rita María Couto Seijido
D. Manuel Polo Gundín.
D^a Inés Roca Requeijo.
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín
D. Edgar Antonio Vigo López (auséntase da sesión no momento que se expresa na presente acta).
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.
D^a Rocío Aurora Bértoa Puente.
D. Juan José Franco Casal.
D^a M^a del Pilar Fornos Corral
D. Manuel Sánchez Martínez.

Interventora accidental:

D^a Milagros López Álvarez.

Secretaria:

D^a Pilar María Pastor Novo.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezoito horas e dez minutos do día catro de xuño de dous mil nove, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as D^a Rocío Rey Sampayo, D^a M^a del Carmen Silvar Canosa, D^a Amalia García Balado, Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta), Don Juan Manuel Lourido González, D^a Rita María Couto Seijido, Don Manuel Polo Gundín, D^a Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Edgar Antonio Vigo López (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta), Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D^a Rocío Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^adel Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora accidental Dona Milagros López Álvarez, e actúa como Secretaria D^a Pilar María Pastor Novo, Secretaria xeral do Concello, que da fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS EN DATAS 5 DE FEBREIRO DE 2009, 5 DE MARZO DE 2009, 2 DE ABRIL DE 2009 E 14 DE ABRIL DE 2009.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións celebradas en datas 5 de febreiro, 5 de marzo, 2 de abril e 14 de abril de 2009, previamente remitidas coa convocatoria, e non formulándose ningunha, polo Sr. Alcalde-

Presidente sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista o resultado da votación, decláranse aprobadas as actas das sesións celebradas en datas 5 de febreiro, 5 de marzo, 2 de abril e 14 de abril de 2009.

2º.- PLAN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA COMPLEMENTARIO DO FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL 2009: ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que este punto da orde do día ven referido ós cartos que a Deputación vai destinar ós Concellos para a financiación dos proxectos do FEIL; di que figuraba na orde do día por un erro, xa que non hai que adoptar acordo plenario algún, senón remitir antes do día trinta á Deputación Provincial os contratos celebrados, polo que propón ou ben retirar o asunto da orde do día ou ben ratificar a remisión da documentación á Deputación. Non producíndose intervencións o Pleno da Corporación acorda por unanimidade proceder a remisión da documentación pertinente á Deputación Provincial.

3º.- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DA PRAZA SITA NO ESPACIO EXISTENTE ENTRE AS EDIFICACIÓNS NÚM 20 E 22 DA RÚA DA FRAGA, FENE.

Seguidamente dase conta do ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial adoptado en sesión ordinaria de data de 29 de maio de 2009, que transcrito literalmente di:

“INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DA PRAZA CONFORMADA POLO ESPACIO EXISTENTE ENTRE AS EDIFICACIÓNS NÚM 20 E 22 DA RÚA DA FRAGA, FENE.

Vista a proposta da Alcaldía de data 26 de maio de 2009, que transcrita di:

“PROPOSTA

Visto o disposto no artigo 4 da Lei 4/1985m de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigos 46 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

Visto o informe do arquitecto técnico municipal, Don Evaristo Nuñez García, de data 26 de maio de 2009 no que, entre outras cousas, se sinala:

**“ ASUNTO: DENOMINACION DE PRAZA NA RUA DA FRAGA-FENE
REFERENCIA:**

*Expediente: 2008/LI005/0000082

*Escrito de Francisco Emiliano Fernandez Freire, solicitando a retirada dos pilons e da sinalización indicativa da titularidade privada da praza.

O Arquitecto Técnico municipal, a instancia de Secretaría, en relación ao Asunto de referencia, INFORMA:

Que da consulta efectuada á documentación que obra nas dependencias municipais, se dedocese que a Praza non ten nome.

Non obstante o anterior, da consulta efectuada ao Rueiro municipal (folia nº 22), se constata que o mencionado espacio se ubica entre as edificacións nº 20 e nº 22 da xa mencionada rúa da Fraga.

A maior abundamento, da consulta efectuada á Oficina Virtual do Catastro, resulta que a praza está incluída dentro da Referencia Catastral nº 7740123NJ6173N do I.B.I. de N. Urbana do municipio de Fene, sendo os seus lindes os seguintes:

* Norte e Leste: RC 7740122NJ6173N0001WJ

* Sur: Rúa da Fraga

* Oeste: Edificación nº 22 da Ru Fraga (incluída, xunto coa edificación nº 24, dentro da mesma referencia catastral asignada á praza)

Para que conste, asino o presente en Fene, a 26 de maio de 2009.”

PROPONSE Á ADOPCION DO SEGUINTE DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Incoar expediente de investigación da praza de referencia catastral 7740123NJ6173N sita na confluencia das edificacións número 20 e 22 da rúa da Fraga, Fene.

Segundo.- Publicar o acordo de incoación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, e dar conta do mesmo ao órgano competente da Administración Estatal e Autonómica.

Fene, 26 de maio de 2009
O alcalde

Asdo.- Iván Puente Rivera”

Sometido o asunto pola Presidencia a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial acordada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 26 de maio de 2009 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o dictame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data de 29 de maio de 2009, sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 29 de maio de 2009 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

(Auséntase da sesión o Concelleiro Don José Antonio López Rodríguez).

4º.- AMPLIACIÓN DA XORNADA LABORAL DAS TRABALLADORAS DONA JOSEFA BARCIA CARBÓN, DONA ELVIRA ARES PENA, DONA JUANA LÓPEZ PENA E DONA AMABLE MARTÍNEZ SÁNCHEZ.

Seguidamente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade adoptada en sesión de data 11 de maio de 2009, que transcrito literalmente di:

“1º.-INCREMENTO DA XORNADA LABORAL DAS TRABALLADORAS DONA JOSEFA BARCIA CARBÓN, DONA ELVIRA ARES PENA, DONA JUANA LÓPEZ PENA E DONA AMABLE MARTÍNEZ SÁNCHEZ.

A continuación dase conta da proposta da Alcaldía de data 6 de maio de 2009 que, transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a acta da reunión da mesa negociadora par o persoal de limpeza do Concello de Fene realizada en data 18 de novembro de 2008.

Visto que como consecuencia das xubilacións acaecidas nestes últimos anos dentro do colectivo da limpeza de escolas e edificios público, e toda vez que non se foron cubrindo as vacantes, actualmente o persoal adscrito ao servizo de limpeza non é suficiente para realizar a totalidade do traballo existente

PROPONSE AO PLENO DA COPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Amplia-la xornada laboral a partires do día 1 de xuño de 2009 das traballadorass que a seguir se expresan a 37,5 horas semanais:

- Josefa Barcia Carbón, con N.I.F. núm. 76.382.368N
- Elvira Ares Pena, con N.I.F. núm. 76.541.417Q
- Juana López Pena, con N.I.F. núm. 76.383.237F
- Amable Martínez Sánchez con N.I.F. núm. 32.594.174 T

Fene, 6 de maio de 2009.

O ALCALDE

Asdo: Iván Puentes Rivera”

Seguidamente dase conta do informe conxunto de Secretaría e Intervención, desfavorable, de data 6 de maio de 2009 que, transcrito di:

“INFORME CONXUNTO DE SECRETARÍA E INTERVENCIÓN.

As funcionarias que subscribe, Secretaria e Interventora do Concello de Fene, en relación á proposta da Alcaldía do día da data relativa á ampliación de xornada das traballadoras deste Concello Dona Josefa Barcia Carbón, Dona Elvira Ares Pena, Dona Juana López Pena e Dona Amable Martínez Sánchez, teñen a ben emitilo seguinte INFORME:

Documentación examinada:

- Proposta da Alcaldía de data 5 de maio de 2009 na que se propón ao pleno da corporación a adopción do acordó relativo á ampliación da xornada laboral a 37,5 horas semanas ás traballadoras ás que se fixo referencia con anterioridade.
- Un documento que ocupa dúas (2) planas e que leva como título “ ACTA DA REUNIÓN DA MESA NEGOCIADORA PARA O PERSOAL DE LIMPEZA DO CONCELLO DE FENE REALIZADA EN DATA 18 DE NOVEMBRO DE 2008”.
- Contratos de traballo subscritos entre o representante do concello e Dona Elvira Ares Pena en data 10 de xaneiro de 1986 (copia simple de contrato de traballo a tempo parcial especificando na cláusula sexta que a duración do contrato será “Períodos discontinuos indefinido” e na cláusula sétima que o obxecto do contrato é para servizo determinado de temporada escola e a súa duración se extenderá desde “Indefinido”),Dona Amable Martínez Sánchez en data 27 de xullo de 2005, de duración de terminada, interinidad, especificando a cláusula sexta que o contrato de duración determinada se celebra para cubrir temporalmente un posto de traballo

mentres se crea una praza de limpadora e o seu proceso de selección , ou, no seu caso, ata que finalice o curso escolar 2005-2006, Dona Juana López Pena de data 10 de xaneiro de 1986 (copia simple de contrato de traballo a tempo parcial especificando na cláusula sexta que a duración do contrato será “Períodos discontínuos indefinido” e na cláusula sétima que o obxecto do contrato é para servizo determinado de temporada escola e a súa duración se extenderá desde “Indefinido”).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Examinada a documentación anteriormente citada , dende o punto de vista formal, e sen prexuízo das consideracións que logo se farán verbo do fondo do asunto, cómpre sinalar o seguinte:

- Non consta a previa negociación coa Comisión negociadora. Como se indicou nos antecedentes da presente, só consta un documento(que non figura asinado en todas as súas follas-só na última) nos que figuran como asistentes(coas cautelas que se derivan de que a primeira folla non está asinada) , Don Antón Lois Noceda Carballo, Don Manuel V. Pico Sanmartín(BNG), D. José M. Dobarro Gómez (CC.OO), Dona Ana M^a Santano Martínez (CC.OO) e Dona Josefia López Pico (encargada do servizo de limpeza de escolas e edificios públicos), e que leva como título “ ACTA DA REUNIÓN DA MESA NEGOCIADORA PAR O PERSOAL DE LIMPEZA DO CONCELLO DE FENE....”, órgano éste que , a xuízo das que subscriben, non ten capacidade negociadora, nen pode suplir á preceptiva negociación na Comisión negociadora constituída dacordo co que dispón a normativa vixente. Ademáis , do contido de dito documento non se desprende a adopción de acordó algún (Sinálase que “*Unha vez debatido este asunto, se propón o seguinte.....*”, pero non se recolle votación alguna nin consta transcrito no mesmo acordo verbo de dita proposta).

- Non consta a modificación da plantilla , modificación ésta preceptiva toda vez que na plantilla de persoal vixente figuran dentro do persoal laboral temporal os postos de limpadoras a tempo parcial,

Polo tanto, de ser outro o criterio das que subscriben e que logo se expresará, o acordo que se propón adoptar requiriría a previa negociación coa Comisión negociadora e a previa modificación da plantilla, modificación ésta que debe seguir os trámites previstos para a aprobación do presuposto, tal e como prevé o artigo do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

- Como consideración propia da intervención municipal fáise constar que non consta no expediente cuantificación do importe que suporía o incremento da xornada laboral, o que impide verificar a existencia de crédito.

Segunda.- En canto ao fondo do asunto fanse as seguintes consideracións:

Con carácter previo ao que se dirá cómpre sinalar que os contratos coas traballadoras cuxa xornada se propón ampliar foron subscritos no seu día sen que teñan constancia as que subscriben de que con carácter previo se tiveran realizados procesos selectivos que garantizasen os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, o que infrinxe a legalidade e supón que nos atopamos ante contratacións realizadas en fraude de lei.

Por outra banda, o feito de que ditas traballadoras, ben dende un primeiro momento , ou ben como consecuencia de diversos contratos sucesivos continúan desempeñando o mesmo posto de traballo desde hai varios anos- en algúns casos moitos- evidencia, a xuízo das informantes, que responden a necesidades permanentes, polo que nos casos dos contratos temporais estase a encubrir unha contratación indefinida (no caso das traballadoras Dona Amable Martínez Sánchez e Dona Juana López Pena os contratos iniciais xa se subscribiron cunha duración indefinida), prohibida expresamente polo artigo 10.4 do Real decreto

lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei da función pública de Galicia.

Exposto canto antecede, e á vista das irregularidades detectadas nas contratacións laborais examinadas debe advertirse que, a xuízo das que subscriben ditas relacións laborais, por efecto destas anomalías, poden terse convertido en indefinidas (en algúns casos indefinidas discontinuas). Non obstante, como veremos seguidamente, tal actuación nin equipara a estos contratos aos de fixos en plantilla, nin exonera ao Concello ao cumprimento da obriga legal e constitucional de cubrir estas prazas mediante os procedementos legalmente establecidos.

A Sentenza do Tribunal Supremo de 7 de outubro de 1996, realizando unha interpretación integradora da lexislación laboral e administrativa, declara que *“ la contratación laboral en la administración pública al margen de un sistema adecuado de ponderación de mérito y capacidad impide equiparar a los demandantes a trabajadores fijos en plantilla, condición ligada a la contratación por el procedimiento reglamentario, sin perjuicio de su consideración, en su caso, como trabajadores vinculados por un contrato de trabajo por tiempo indefinido”*.

O que non aclaraba esta doutrina xurisprudencial era a distinción entre o carácter indefinido do contrato e a fixeza en plantilla, así como as súas consecuencias. Delo se ocupa a Sentencia do Tribunal Supremo de 20 de xaneiro de 1998 que declara *“ El carácter indefinido del contrato implica desde una perspectiva temporal que éste no está sometido, directa o indirectamente a un término. Pero esto no supone que el trabajador consolide, sin superar los procedimientos de selección, una condición de fijeza en plantilla que no sería compatible con las normas legales sobre selección de personal fijo en las Administraciones Públicas. En virtud de estas normas, el organiso afectado no puede atribuir la pretendida fijeza en plantilla con una adscripción definitiva del puesto de trabajo, sino que, por el contrario, está obligado a adoptar las medidas necesarias para la provisión regular del mismo y, producida esta provisión en la forma legalmente procedente, existirá una causa lícita para extinguir el contrato”*.

A partires destas consideracións, véñse insistindo pola xurisprudencia que o uso fraudulento das normas que regulan os contratos temporais non poden saldarse na Administración Pública na fixeza de plantilla, senón na consideración no nexo laboral como indefinido, vendo obrigada a Administración a cubrir estas prazas polo procedemento legal, se obedecen a necesidades permanentes do Concello ou, do contrario, a amortizalas, extinguindo os correspondentes contratos, sen prexuízo das responsabilidades a que dea lugar.

Polo exposto, entenden as que subscriben que, de atoparse xustificada obxectivamente a necesidade, o Concello está obrigado legalmente a cubrir as prazas que obecezan a necesidades permanentes seguindo os procedementos legalmente establecidos dacordo cos citados principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade, previa inclusión das mesmas na oferta de emprego público e posterior proceso selectivo, xa que o artigo 10 do real decreto lexislativo 1/2008, de 13 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia dispón que a Administración non poderá converter en fixa unha relación laboral de carácter temporal.

En atención ao exposto, ao non ter as traballadoras ás que se refire a proposta da Alcaldía a condición de persoal laboral fixo, infórmase que non se axusta á legalidade a ampliación da xornada laboral que se propón. En todo caso, de obedecer a necesidades permanentes, o procedente é a inclusión das prazas en oferta de emprego público (previa a modificación da plantilla de persoal) e a provisión das mesmas a través dos procedementos legalmente establecidos, dando cumprimento aos principios constitucionais de igualdade mérito e capacidade, así como ao de publicidade.

Se ben o criterio das que subscriben quedóu exposto, para o caso de que fose outro o criterio da Corporación, infórmase da necesidade de dar cumprimento, con carácter previo a adopción do acordo que se propón, aos trámites aos que se fixo referencia na consideración primeira do presente, (negociación coa Comisión negociadora a modificación da plantilla de persoal para o cal deben seguirse os mesmos trámites que a aprobación do presuposto(aprobación inicial (previo ditame da comisión informativa de facenda) polo Pleno da corporación, exposición pública durante un prazo de 15 días e resolucións de alegacións e aprobación definitiva polo pleno da Corporación).

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, a xuízo das que subscriben, a proposta de ampliación da xornada laboral a 37,5 horas semanais das traballadoras Dona Amable Martínez Sánchez, Dona Juana López Pena, Dona Elvira Ares Pena e Dona Josefa Barcia Carbón infrinxe a legalidade, polo que se informa **DESFAVORABLEMENTE** a proposta da Alcaldía de data 6 de maio de 2009, non procedendo a súa aprobación.

É o que expoñemos neste informe que sometemos a calquera outro mellor fundamentado en dereito.

Fene, 6 de maio de 2009.

A SECRETARIA
Asdo:Pilar María Pastor Novo.

A INTERVENTORA
Asdo: Cristina Morán Monzo”

Aberto o debate(.../....)

Rematado o debate e sometido o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Organización e Seguridade acorda con seis(6) votos a favor(dos/as Sres/as Lourido González, Rodríguez Carballeira, Silvar Canosa, Rey Sampayo, López Rodríguez e Sánchez Martínez), ningún voto en contra e coa abstención dos Sres/a Pico Sanmartín, Galego Feal e Bértoa Puente, ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 6 de maio de 2009 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que quere formular unha enmenda ao dictame da comisión informativa, que transcrita literalmente di:

“ENMENDA AO DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN E SEGURIDADE ADOPTADO EN SESIÓN DE DATA 11 DE MAIO DE 2009.

De conformidade co disposto no artigo 94 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e á vista de que no dictame anteriormente referido figura como data de efectos da ampliación da xornada laboral o día 1 de xuño de 2009, polo que faise necesario modificar esa data, esta Alcaldía presenta a seguinte

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN E SEGURIDADE ADOPTADO EN SESIÓN DE DATA 11 DE MAIO DE 2009:

Na parte dispositiva , onde dí:

“ Amplia-la xornada laboral a partires do día 1 de xuño de 2009....”

Debe dicir:

“Amplia-la xornada laboral a partires do día 8 de xuño de 2009”.

Fene, 4 de xuño de 2009.

O ALCALDE

Asdo: Iván Puentes Rivera.”

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que dende o seu grupo apoian a proposta; que quere que se siga traballando para que esta ampliación se extenda a todo o colectivo.

Deseguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido di que se reitera no dito na comisión.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido di que na comisión se falou de incorporar a outras persoas.

A continuación intervén o Sr. Alcalde e manifesta que ni no PSdeG-PSOE ni o goberno están pechados a que isto se extenda a outros traballadores do concello.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese á votación ordinaria a enmenda presentada pola Alcaldía, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as presentes.

Seguidamente polo Sr. Alcalde-Presidente sométese á votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data de 11 de maio de 2009 coa modificación que resulta da enmenda aprobada, sendo aprobado por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as presentes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 11 de maio de 2009 coa modificación que resulta da enmenda aprobada.

5º.- MODIFICACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NA MESA DE NEGOCIACIÓN, NA COMISIÓN NEGOCIADORA E SECRETARIADO/A DAS MESMAS.

Seguidamente dase conta do ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade adoptado en sesión extraordinaria de data de 11 de maio de 2009, que transcrito literalmente di:

“MODIFICACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NA MESA DE NEGOCIACIÓN E COMISIÓN NEGOCIADORA E SECRETARIO/A DAS MESMAS.

A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía de data 7 de maio de 2009 que, transcrita di:

“PROPOSTA

Visto que o Pleno da Corporación en sesión celebrada en data 13 de decembro de 2007 acordou designar representantes do Concello na Mesa Xeral de Negociación

e na Comisión negociadora, así como designar como Secretaria de ditos órganos á D^a Pilar María Pastor Novo, Secretaria do Concello.

Atendido que entre ditos representantes designouse como titular, en representación do grupo político do PSdeG-PSOE a Don Antón Lois Noceda Carballo.

Considerando que o citado Sr. Noceda Carballo renunciou ao seu cargo de Concelleiro, tendo tomado coñecemento de tal renuncia o Pleno en sesión celebrada en data 5 de marzo de 2009, polo que faise necesario designar un novo titular en representación do referido grupo político municipal, así como tamén modificar o/a funcionario/a que exercerá as funcións de Secretario/a de ditos órganos, toda vez que, ao non tratarse dun órgano resolutorio, non é preciso que ditas funcións sexan desenvolvidas por funcionario/a con habilitación de carácter estatal.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A A DOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Designar como representantes do Concello na Mesa Xeral de Negociación e na Comisión Negociadora aos/as seguintes/as Concelleiros/as:

Polo grupo político do PSdG-PSOE:

Titulares

Don Juan Manuel Lourido González

D^a Carmen Silvar Canosa

D^a Amalia García Balado

Suplente:

D. José Antonio López Rodríguez

Polo Grupo municipal do BNG

Titulares:

D. Manuel Polo Gundín

D. Manuel Pico Sanmartín

Suplentes:

D^a Inés Roca Requeijo

Polo grupo municipal do PP

Titular:

D^a Rocío Aurora Bértoa Puente

Suplente:

D. Gumersindo Pedro Galego Feal

Polo grupo mixto:

Don Manuel Sánchez Martínez

Segundo.- Designar como Secretaria dos órganos aos que se refire o apartado anterior á funcionaria deste Concello, D^a Ana María Vázquez Menéndez, como titular e á funcionaria Dona María Luisa López Bouza como suplente.

Fene, 7 de maio de 2009.
O ALCALDE

Asdo: Iván Puentes Rivera”

Non producíndose intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Organización e Seguridade acordada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as presentes ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 7 de maio de 2009, que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria do dictame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data de 11 de maio de 2009, sendo aprobado por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 11 de maio de 2009 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

6º.-MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE.

Seguidamente dase conta do ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade adoptado en sesión ordinaria de data de 11 de maio de 2009, que transcrito literalmente di:

“MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE.

A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía de data 7 de maio de 2009 que, transcrita di:

“PROPOSTA

Visto que o Pleno da Corporación en sesión celebrada en data 6 de novembro de 2008 acordou modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data 13 de decembro de 2007, relativo á designación de representantes do Concello no Comité de Seguridade e Saúde.

Atendido que entre ditos representantes designouse como titular, en representación do grupo político do PSdeG-PSOE a Don Antón Lois Noceda Carballo.

Considerando que o citado Sr. Noceda Carballo renunciou ao seu cargo de Concelleiro, tendo tomado coñecemento de tal renuncia o Pleno en sesión celebrada en data 5 de marzo de 2009, polo que faise necesario designar un novo titular en representación do referido grupo político municipal.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Designar como representantes do Concello no Comité de Seguridade e Saúde aos/as seguintes/as Concelleiros/as:

Polo grupo político do PSdG-PSOE:

Titular:

Don Juan Manuel Lourido González

Suplente:

D^aM^a del Carmen Silvar Canosa.

Polo grupo político do BNG:

Titular:

D^a Inés Roca Requeijo

Suplente:

D. Edgar Antonio Vigo López

Polo grupo político do PP:

Titular:

D. Gumersindo Pedro Galego Feal

Suplente:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente.

Polo grupo mixto:

Don Manuel Sánchez Martínez.

Fene, 7 de maio de 2009.

O ALCALDE

Asdo: Iván Puentes Rivera”

Non producíndose intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Organización e Seguridade acordada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as presentes ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 7 de maio de 2009, que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria do dictame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data de 11 de maio de 2009, sendo aprobado por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 11 de maio de 2009 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

7º.- MOCIÓNS URXENTES.

7.1.-Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que hai varias mocións presentadas, a primeira refírese ao acordo adoptado fai uns meses para solicitar á Deputación unha subvención para o amaño de parques infantís nos centros de ensino de Fene; que a Deputación lles solicitou unha serie de correccións no proxecto; que había un erro na aportación do Concello, que debe de vinteoito mil euros.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde e manifesta que a urxencia do asunto ven motivada polos prazos marcados pola Deputación.

De seguido, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a urxencia do asunto, sendo aprobado por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as presentes.

Seguidamente o Sr. Alcalde procede a dar lectura á mesma que, transcrita di:

“MOCIÓN

Visto que o Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada en data 5 de febreiro de 2009 acordou ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 89/2009, de data 30 de xaneiro de 2009, acordo relativo á participación no Plan Especiais de parques infantís 2009.

Visto o escrito remitido pola Deputación Provincial da Coruña de data 6 de marzo de 2009 (entrada 10.03.09, núm Rexistro 3013) no que expón que logo de ver a solicitude deste Concello e demais documentación xustificativa relativa á obra donominada “Proxecto de adecuación ó Decreto 245/2003 do 21 de abril e instalación de 7 áreas de xogo do Concello de Fene” presentada ao abeiro da convocatoria do Plan de parques infantís 2009, concédese un prazo de 10 días para que se achegue a documentación complementaria ou corrixir as incidencias que no mesmo se indican.

Visto o escrito remitido pola Deputación Provincial (Servicio de Arquitectura) de data 13 de marzo de 2009 (entrada 17 de marzo de 2009, núm. rexistro 3425) no que, en relación ao proxecto adecuación ao Decreto 245/2003 e instalacións de 7 áreas de xogo. Concello de Fene, expón que recibido o citado proxecto para informe se comunicará ao técnico redactor do mesmo que deberá aportar e /ou modificar os documentos que no citado escrito se expresan.

Visto o “Modificado del proyecto para la adecuación al Decreto 245/2003, de 24 de abril e Instalación de 7 áreas de juego del Concello de Fene”, redactado polo enxeñeiro técnico industrial, Don Juan Fonseca Morillo (entrada 01.06.09 núm, rexistro 6948).

Visto o informe sobre o modificado do proxecto emitido polo arquitecto técnico municipal de data 1 de xuño de 2009, así como a acta de replanteo previo desa mesma data.

Considerando necesario proceder á aprobación do proxecto modificado así como rectificar o erro padecido no apartado primeiro da Resolución da Alcaldía anteriormente citada, ratificado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada en data 5 de febreiro de 2009 polo que respecta á cantidade que figura como achega municipal.

Vista a nota informativa de Secretaría 10/2009, de data 30 de xaneiro de 2009 transcrita na parte expositiva da Resolución da Alcaldía de data 30 de xaneiro de 2009,

Resolución ésta ratificada polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada en data 5 de febreiro de 2009.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o “Modificado de proyecto para la adecuación al Decreto 245/2003 de 24 de abril e Instalación de 7 áreas de juego del Concello de Fene”, redactado polo enxeñeiro técnico industrial, Don Juan Fonseca Murillo (entrada 01.06.09, núm. rexistro 6948).

Segundo.- Rectificar apartado primeiro da Resolución da Alcaldía núm. 89/2009, de 30 de xaneiro de 2009, ratificada por acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión de data 5 de febreiro de 2009 no seguinte senso.

Onde di:

“

| DENOMINACION | IMPORTE TOTAL EUROS | ACHEGA DEPUTACION | ACHEGA CONCELLO |
|--|---------------------|-------------------|-----------------|
| Proyecto para la adecuación al Decreto 245/2003, de 24 de abril e instalación de 7 área de juego del Concello de Fene. | 88.379,50 | 60.000 | 18.379,50 |

Debe decir: “

| DENOMINACION | IMPORTE TOTAL EUROS | ACHEGA DEPUTACION | ACHEGA CONCELLO |
|--|---------------------|-------------------|-----------------|
| Proyecto para la adecuación al Decreto 245/2003, de 24 de abril e instalación de 7 área de juego del Concello de Fene. | 88.379,50 | 60.000 | 28.379,50 |

Fene, 4 de xuño de 2009.

O alcalde

Asdo: Iván Puentes Rivera.”

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen unha vez concedido manifesta que votará a favor da moción; di que os proxectos que van á Deputación van mal e arrastro e que si as cousas se fixeran ben, esta moción non se traería pola vía de urxencia.

Non producíndose máis intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a Moción da Alcaldía de data 4 de xuño de 2009, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as presentes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a Moción da Alcaldía de data 4 de xuño de 2009, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

7.2.- Seguidamente intervén o Sr. Alcalde e manifesta que hai outra moción presentada por todos os grupos políticos do Concello que fai referencia á situación de dous traballadores de Montaxes Cabral S.L..

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde e manifesta que a urxencia do asunto ven motivada pola situación na que se atopan estes traballadores.

De seguido, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as presentes.

Seguidamente o Sr. Alcalde procede a dar lectura á moción que, transcrita di:

“Os Grupos Municipais do PsdeG-Psoe, BNG, PP e EU-IU ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación á **SITUACIÓN LABORAL NA QUE SE ATOPAN OS DOUS TRABALLADORES DA EMPRESA MONTAXES CABRAL S.L., AUXILIAR INTERNA DE NAVANTIA**, presentan para o seu debate e votación a seguinte moción ó Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os dous traballadores que ten actualmente en plantilla a empresa Montaxes Cabral S.L. auxiliar interna da empresa Navantia, veñen desenvolvendo o seu traballo de xeito ininterrompido nas instalación de Navantia Fene, antes ASTANO, dende o ano 1975 e están acollidos, tal e como figura expresamente neles, aos acordos de reconversión do sector naval do ano 1978, os chamados “Pactos da Castellana”.

Logo de que o resto da plantilla de Montaxes Cabral S.L. se acollese nas pasadas semanas á xubilación anticipada, en virtude do R.D 1271/1984 sobre medidas da reconversión naval, estes dous traballadores viven unha situación absolutamente inxusta de desprotección laboral. Por unha banda, non foron prexubilados, dado que no ano 2004, data na que se acorda a prexubilación do resto do plantel, non tiñan aínda cumpridos os 52 anos requeridos; pero, por outra banda, tampouco se lles permite continuar coa actividade laboral vinculada a Navantia que lles recoñecen tanto os “Pactos da Castellana” como o real decreto 1271/1984, antes referidos.

Así as cousas, dende hai case tres meses Navantia impide o acceso destes traballadores ao estaleiro de Fene, impedíndolles desenvolver, polo tanto, o seu traballo. Ao mesmo tempo, Navantia tamén deixa de pagarlle a Montaxes Cabral S.L. a prestación de servizos que lle viña dando dende hai décadas, motivo polo cal, estes dous traballadores levan tres meses sen cobrar a súa nómina.

Por todo o sinalado anteriormente, os Grupos Municipais do PSdeG-PSOE, BNG, PP e EU-IU de Fene presentan a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. A Corporación Municipal de Fene insta á Empresa Pública Navantia e á SEPI (Sociedade Estatal de Participacións Industriais) a:
 - a. Recoñecer os dereitos laborais adquiridos polos dous traballadores actuais de Montaxes Cabral S.L. ao longo de 34 anos de traballo vinculado

exclusivamente a Navatia Fene. Dereitos recoñecidos polos “Pactos da Castellana” e o Real Decreto 1271/1984.

- b.** Atopar unha solución xusta á súa situación laboral, solución que pasaría exclusivamente pola integración destes dous traballadores na plantilla de Navantia ou polo mantemento da anterior situación, permanecer como asalariados de Montaxes Cabral S.L. e esta empresa como auxiliar interna de Navantia.
- 2.** O Pleno do Concello de Fene insta tamén a tódalas forzas sindicais e ao Comité Intercentros de Navantia a expresar un apoio maior a estes dous traballadores e a colaborar coa dirección de Navantia na busca dalgunha das solucións antes sinaladas.
- 3.** Remitir o presente acordo á empresa pública Navantia, á dirección da SEPI (Sociedade Estatal de Participacións Industriais) á Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, ao Ministerio de Economía e Facenda e ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio do Goberno de España.

Fene, 4 de xuño de 2009.

JOSÉ ANTONIO LÓPEZ RODRIGUEZ
Voceiro do G.M. do PSdeG-PSOE

MANUEL POLO GUNDÍN
Voceiro do Grupo Municipal do BNG

GUMERSINDO P.GALEGO FEAL
Voceiro do G.M. do PP

MANUEL SÁNCHEZ MARTÍNEZ
Voceiro do Grupo Municipal de EU-IU.”

Non producíndose debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a Moción da Alcaldía de data 4 de xuño de 2009, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as presentes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a Moción da Alcaldía de data 4 de xuño de 2009, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

7.3.- Seguidamente, intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que hai outra moción relativa á cota láctea presentada polo BNG, con data de 3 de xuño de 2009.

O Sr. Polo Gundín pide o uso da palabra e, unha vez concedido manifesta que a urxencia do asunto ven motivada pola apertura pola Comisión Europea da admisión de cotas.

De seguido, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a urxencia da moción, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as presentes.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido procede a dar lectura á moción, que transcrita dí:

“MOCIÓN SOBRE O SECTOR LÁCTEO

Manuel Polo Gundin portavoz do G.M. do BNG no Concello de Fene propón, ao abeiro da lexislación vixente, a seguinte moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector agrario galego segue a ser un eixe de vital importancia na economía galega. Unha das características senlleiras é a súa marcada especialización gandeira, xa que as producións gandeiras achegan o 62 % do valor da produción da rama agraria, e dentro delas, sen lugar a dúbidas, é a produción láctea a que ten un maior peso, ao representar arredor dun 28% do conxunto da produción agraria galega.

Así mesmo, tamén é moi relevante a súa contribución fundamental desde o punto de vista territorial, onde destaca a superficie de prados naturais, de pasteiros e de monte onde se practica o pastoreo, que constitúen o eixe da paisaxe agraria da maior parte do territorio.

A actividade económica dunha parte importante do territorio galego pivota arredor da produción agraria e, o sector agrario e as actividades económicas vinculadas a el son a principal fonte de emprego.

A evolución da produción láctea en Galiza ao longo das campañas que van desde 2005 a 2008, demostra a vocación de permanencia das explotacións lácteas galegas, pasando a significar o leite das explotacións galegas o 38 % das entregas á industria do Estado español, fronte ao 35 % que significaba a comezos de 2006. As explotacións lácteas galegas son, neste intre e sen dúbida algunha, o principal referente da produción láctea no Estado Español, non só polo seu peso, senón tamén pola dinámica de crecemento da produción en Galiza nun contexto como o que caracteriza ao sector no resto do Estado de estancamento ou redución das entregas de leite.

Malia a favorábel tendencia amosada nestes últimos tres anos no sector lácteo galego, a recente modificación da regulación comunitaria do sector lácteo, co horizonte da liberalización da produción de leite en 2015 precedido dun incremento lineal de cota a todos os Estados produtores da Unión Europea, incluídos os excedentarios, vén de sementar incerteza no sector, así como un drástico recorte de prezos percibidos polos gandeiros e gandeiras, pondo ao límite a supervivencia da moitas explotacións leiteiras de moitos concellos galegos.

Perante esta situación, cómpre unha posición institucional inequívoca de apoio ao sector, urxindo que as Administracións competentes adopten as medidas necesarias para garantir a estabilidade e o futuro do sector lácteo galego, e con iso asegurar un medio rural vivo na Galiza.

Por isto solicitamos do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar ao goberno español a renegociar a actual asignación de cotas entre os distintos Estados membros da UE, de xeito que o aumento da cota se dirixa unicamente a aqueles Estados que teñen unha cota moi inferior ao seu consumo interno e nos que existen segmentos importantes de explotacións, como é o caso de Galiza, que necesitan máis cota para ser viábeis.
2. Instar ao Goberno español a propoñer na UE unha actuación decidida e concreta, para regular os mercados e garantir prezos aos produtores de leite, de xeito que se garanta a viabilidade do sector, do mesmo xeito que se actúa con outros sectores económicos.

3. Instar ao Goberno do Estado e á xunta de Galiza a coordinar as actuacións necesarias para:

- a) Garantir a recollida de todo o leite producido na Galiza.
- b) Establecer axudas directas aos produtores de leite, para compensar o baixo prezo do leite en orixe -actualmente por debaixo do prezo de custo- en tanto non se recuperen os prezos de mercado.
- c) Garantir a continuidade da industria transformadora existente na Galiza, e en concreto, da planta de Pascual na provincia de Lugo.

4. Comunicar este Acordo Plenario ao presidente do Goberno do Estado, ao Presidente da Xunta de Galiza, aos Grupos Parlamentarios do PP, do PSOE e do BNG, no Parlamento Galego e no Congreso dos Deputados.

Fene, 3 de xuño de 2009"

SR.ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE FENE"

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que van votar a favor porque considera que o sector lácteo ten que ser defendido; que a situación do sector leiteiro era previsible; que ningún dos partidos que estaban na Xunta de Galicia no anterior Goberno adoptaron as medidas necesarias e tampouco o goberno central; que as negociacións de Bruxelas prexudican ó agro galego; di que o seu grupo vai apoiar a moción, pero cunha salvedade porque cren que ten un compoñente legal; di que as reivindicacións tenas que presentar o Sr.Zapatero.

Continúa o Sr. Galego Feal dicindo que a Xunta de Galicia adoptou dúas medidas importantes, informar negativamente o ERE de leite Pascual e aprobar un adianto de PAC para axudar aos gandeiros.

Deseguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que vai apoiar esta moción; que as cousas son claras, necesarias e que é de sobras coñecido que a produción de leite está nunha situación moi precaria; que os prezos están tirados polo chan.

Seguidamente intervéñ o Sr. Alcalde-Presidente e di que van votar a favor da moción; que a situación dos gandeiros é moi precaria; que o prezo de mercado do leite está por debaixo do prezo de produción e esta situación é isostenible; di que xa que en Galicia se produce case o corenta por do leite, o goberno da Xunta debería tomar medidas e deixar de botarlle as culpas ó goberno de España; di que por riba destas cuestións se sinte obrigado a apoiar este problema e que o grupo socialista vai votar a favor.

A continuación pide o uso da palabra o Sr.Polo Gundín quen, unha vez concedido agradece a tódolos grupos políticos o apoio que están a prestar a esta moción; di que no goberno anterior a Consellería de Medio Rural adoptou medidas moi importantes para solventar este problema.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que cando estaba no goberno o Partido Popular estaban todo o día a dicir que había un problema coa cota leiteira; que durante os catro últimos anos houbo un cambio de goberno e non fixeron nada, e agora que dende hai trinta días está de novo o Partido Popular na Xunta, volven co tema da cota leiteira; que é un tema no que debe incidir o goberno central; que non está de acordo coas medidas que se dí que se fixeron nos últimos catro anos.

Deseguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que hai afirmacións que non se poden facer; que o goberno galego anterior propuxo medidas concretas.

Non producíndose máis intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a moción do grupo municipal do BNG de data 3 de xuño de 2009, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as presentes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal do BNG de data 3 de xuño de 2009, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

8º.- DACCIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

A continuación dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 318 do 4 de maio de 2009 e a número 385 do 21 de maio de 2009.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido pregunta se existen problemas cos suministros de luz en A Torre, porque houbo fallos na carretera da Palma; pide que se faga un requerimento formal a fenosa e reitera novamente o do punto limpo; di que é unha cuestión fundamental e pregunta se hai algunha previsión de que entre en funcionamento.

Continúa o Sr. Galego Feal dicindo que as árbores de San Valentín están a causar un prexuízo moi importante á poboación; que no seu día estas árbores, que non son autóctonas, se puideron substituír por outras; pregunta se hai algo previsto ó respecto. Di que verbo do tema do río Cádavo volve a solicitar que se tape o socabón; pregunta se van facer un proxecto para adecenta-la zona, e solicita que, de ser así, se tape o socabón temporalmente. Continúa a súa intervención preguntando ó respecto da devolución dun proxecto pola Deputación; di que saíu na prensa á creación das bolsas de traballo e pregunta se van adiante; continúa dicindo que determinados escritos non chegan á Comisión e que non entende por qué; di que ve con preocupación que se continúe a poñer reparos, por Secretaría e Intervención á celebración de determinados contratos e quere saber se o goberno vai sacar a concurso determinados contratos; pregunta pola aprobación da OPE de 2008 e pregunta ó Alcalde se subscribeu a moción para que Astano se adique á construción civil, e se agora vai cambiar a súa posición.

Continúa o Sr. Galego Feal a súa intervención e di que roga que se lle facilite por escrito ó seu grupo os gastos da mediana de As Pías; pide que o Muro de As Chancas se lle dea ós alumnos do curso de cachoteiro, xa que non se soluciona o tema; di que na zona do xulgado de Paz o semáforo que está instalado non permite o acceso dunha cadeira de rodas e roga que se estude a posibilidade de cambialo; roga ao goberno que se chegue a un acordo para ver qué carteis se poñen na porta do Concello, e finalmente felicita á Concelleira de servizos pola iniciativa dos lavadeiros.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde e manifesta que fai extensible esa felicitación á Concellería de Promoción Económica. Continúa dicindo que verbo do Muro de As Chancas, estase pendente de que a Deputación aprobe o proxecto para poder comenza-las obras.

(Sendo as dezasete horas auséntase da sesión o Sr. Vigo López).

O Sr. Alcalde continúa dicindo que verbo do punto limpo xa está todo listo; que o único que falta é que a SEPES diga cando se escritura; que espera que cando se lle cedan os terreos a Xunta teña a disposición suficiente para facelo. Di que en relación ó río Cádavo espera que o Conselleiro de Medio Ambiente teña un oco na súa axenda para atendelo, pois solicitoulle unha entrevista que a día de hoxe aínda non lle concedeu; que a solución que adoptaron ó respecto foi a de non pechar o burato polo momento; di que están a espera de saber se o Conselleiro se compromete a financiar a obra; que entende que tapar agora o burato para ter que destapalo nuns meses é un gasto inútil, pero que se a cousa se demora no tempo o Concello terá que facelo.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, pregunta si se vai saber por onde discorrerá o curso do río.

A continuación intervén o Sr. Alcalde e di que en primeiro lugar ten que saber se conta con cartos, e que en función diso se decidirá si se fai ou non; di que non lle consta a devolución de proxecto pola Deputación; que en relación á creación dos postos de traballo dí que a proposta se tratará polos grupos políticos; que sobre os escritos leva razón o voceiro do PP e pide aos Sres/as Concelleiros/as delegados/as que os escritos da súa área se leven a Comisión; que respecto dos reparos de Secretaría e Intervención, xa se falou entre os grupos; que no tema concreto dos contratos, cando adxudican obras, normalmente non hai reparos; que en canto aos contratos de obras do Plan E, di que se hai reparos é un problema interno da Xunta de Goberno Local, debido a que querían que as direccións de obras se levasen polos autores do proxecto; que en canto aos contratos de servizos e suministros hai criterios interpretativos distintos; que a interventora que se acaba de marchar poñía reparos a partir dunha determinada contía; que na Xunta de Goberno Local manifestouse o compromiso de regularizalo; que xa se fixeron algunhas partes, aínda que quedan outras; que é un proceso que non pode resolverse de súpeto e que seguirán a traballar para regularizalo; que ao respecto da pregunta de se como Alcalde subscribeu a moción sobre Navantia, que se remite á acta do Pleno anterior; que o que dixo foi que subscribe e respalda a iniciativa popular; que non están en contra da iniciativa pero que consideran que ten que consultarse co comité de empresa de Navantia Fene e cos representantes dos traballadores; que iso foi o dito ata agora e que se reitera públicamente.

Deseguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido preguntalle ó Sr. Alcalde se para presentar unha moción no Parlamento consultaron tamén aos traballadores.

O Sr. Alcalde resposta dicindo que xa os consultaran con anterioridade, e que precisamente os traballadores lles dixeron que non se lles tiña consultado; que verbo dos chopos de San Valentín di que se alegra que a postura do PP sexa que se cuiden e se poden as árbores; que o seu grupo está a favor de que se poden.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que en relación ó vandalismo están a traballar nunha serie de solucións; que en relación ó poste da luz están esperando que a vindeira semana o persoal de fenosa acuda a arranxalo; que verbo dos Chopos de San Valentín, lle parece ben que o PP estea a favor da súa poda e non de cortalos como dixo nun principio.

Deseguido pide o uso da palabra a Sra. Roca Requeijo quen, unha vez concedido manifesta que non ten coñecemento de que existan problemas de alumeado na Torre; que con anterioridade sí os houbo pero xa están arranxados; que agradece a felicitación polos traballos realizados nas fontes e lavadeiros.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Lourido González quen, unha vez concedido di que verbo da OPE do 2008 aínda non convocaron as prazas, xa que, aínda están a traballar na OPE do 2005.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido di que as prazas deben ser convocadas dentro do ano para evitar impugnacións.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, di que o tema dos chopos xa foi debatido; que en canto o burato do río Cádavo non poden seguir así, e que é preciso tapalo por se a subvención non chega nun prazo breve de tempo; pregunta pola reunión cos veciños de San Valentín mantida en relación ao tema dos ascensores e dí que teñen que ir con medidas enerxéticas a Fenosa para que cumpra coas súas obrigas.

Continúa o Sr. Sánchez Martínez e pregúntalle á Sra. Roca Requeijo se o sábado pasado o alumeado de As Pías e San Valentín estaba apagado debido ás obras ou era unha avaría puntual.

Intervén o Sr. Alcalde Presidente e manifesta que está de acordo cos rogos , e que en canto ás preguntas formuladas, vai respostar a Concelleira Delegada de Servizos.

Seguidamente pide o uso da palabra a Sra. Roca Requeijo quen, unha vez concedido di que o apagón non foi debido ao cambio do alumeado.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido di que roga ao Sr. Alcalde que o apartado de rogos e preguntas sexa para formular rogos e preguntas, e non para entrar a debate.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que se suma ao rogo.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove horas e trinta minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-presidente

A secretaria xeral,

Asdo. Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.

